



# Concello de Muras (Lugo)

P-2703300-J

Praza da Galeguidade, 4  
27836, Muras (Lugo)  
Tfno: 982-500001/12  
Fax: 982-500063

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN REALIZADA O 17 DE SETEMBRO DE 2015.

### Concelleiros asistentes:

Dª. Belén Chao Ramil  
D. Carlos Carballés Penabad.  
D. Mario Rouco Rey  
D. José Danilo Requeijo Castro  
Dª. Rosario Celia Rey López  
D. José Pajón Penabad.

No salón de sesións da Casa do Concello de Muras, sendo as vinte horas e trinta minutos do día dezasete de setembro de dous mil quince, en primeira convocatoria e baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Manuel Requeijo Arnejo, coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados á marxe e do Secretario en acumulación D. Antonio López Vila, reúñese o Pleno da Corporación en sesión extraordinaria segundo a convocatoria remitida ao efecto.

Unha vez comprobada a existencia de quórum para a válida constitución do Pleno, a Presidencia declara aberta e pública a sesión, pasando a tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

1.- INFORME SOBRE A SITUACIÓN DA "ALDEA ETNOGRÁFICA DE CARELLE (MURAS)" E ADOPCIÓN DE ACORDOS QUE PROCEDAN. O Sr. Alcalde manifesta que convocouse este Pleno para tratar o asunto da situación da Aldea Etnográfica e a posible adopción dos acordos que procedan, aclara que este goberno non vai contra ningún senón defender os intereses dos veciños. Todo o que rodea a aldea xerou moito ruído e agora debe aclararse a situación, das posibles irregularidades falaran sempre de presuntos delitos pois non son quen para xulgar. Todo comezou en 2010, a primeira documentación e un pleno do 29-7-2010 recollense cousas surrealistas, falando de moito diñeiro, de aldea granxa, información vaga e xa o partido socialista denuncia que vai dirixida a Carelle, a acta non ten desperdicio, fálase de muxir vacas, 1000 persoas ao ano, pódese ver que o ex-alcalde Issam Alnagm Azzam deseña, participa, dirixe e guía todo o proxecto, ata o punto que o proxecto o firma el mesmo, gastar tanto diñeiro en base a un proxecto redactado polo ex-alcalde. As irregularidades xa as detectou cando foi concelleiro na pasada lexislatura, a venda de propiedades aparece Tarsila que era a muller do ex-alcalde e a venda de fincas e inmobles supón 341.924 euros, vese no expediente que quen leva a parte máis alta é o ex-alcalde e a muller, edificios en estado ruinoso por 90.000 euros, a muller do ex-alcalde acepta a taxación e a venda faise libre de cargas e gravames, logo sorprende que se lle merque por 50.000 euros as especies arbóreas, as persoas que tiñan que velar polo interese público non o fixeron, neste "proxecto" non hai plan de viabilidade económica, nin si son sostibles no tempo, na compra hai unha sola proposta, logo de ver todo iso a Mesa deberá dicir que quedaba deserto porque non reunía os requisitos pero foron cambiando os criterios, faise unha valoración e no pleno do 12-11-2010 o Alcalde fai a adquisición, o Alcalde delega a presidencia pero non se retira, demóstrase que vota, prodúcese empate e debería facerse unha nova votación que non se levou a cabo, logo fraccionamento das obras en lotes, todo pola vía de urxencia cando estase falando da liña de financiamento do Fondo de Compensación Ambiental cunha contía fixa cando é un conxunto, incluso nalgúns pregos recóllese a prohibición de baixas, existen certificacións de obras en propiedades que non eran do Concello cando a subvención esixe propiedade municipal, ven o inspector de turismo e non coinciden as medidas do proxecto coas da realidade, no seu



# Concello de Muras (Lugo)

P-2703300-J

Praza da Galeguidade, 4  
27836, Muras (Lugo)  
Tfno: 982-500001/12  
Fax: 982-500063

momento como concelleiro negábaselle a documentación agora non ten inconveniente en ensinala.

Neste ano as actuacións a realizar importan 561.209,98 euros para actuacións de Centro de dinamización e interpretación medioambiental 89.256,42 euros; Mobiliario Aldea e Centro de interpretación medioambiental 45.000,00 euros; Adquisición maquinaria para actuacións medioambientais 43.339,37 euros; Campamento infantil e xuvenil Aldea etnográfica 171.214,19 euros; Ordenación e recuperación forestal e roteiros 90.000 euros; Centro de mellora ambiental para a protección animal 30.000 euros; e Emprego 92.400 euros.

Cando tomaron posesión na nova Corporación díselles que non hai problema pero ó mirar os expedientes carecen de permisos e autorizacións, a canceira está prevista en terreos que non son do Concello, non conta con autorizacións; a obra da casa do médico, o ex-alcalde deixou de ser médico e dixo que non podía seguir na casa, toma posesión de Alcalde e non hai chaves e dínlle que ten cousas, este e o centro de interpretación medioambiental, para o campamento non somos capaces de saber onde vai situado, carece de permisos, o único executado e o persoal e non todo, e o mobiliario.

No expediente fálase de que a Aldea é un todo, no mapa pode verse a situación onde hai parcelas non compradas, esta é a herданza onde se gastaron cantidades de diñeiro, despois de poñer os feitos no seu coñecemento a Fiscalía tramitou denuncia e o Xulgado de 1ª Instancia de Vilalba abriu dilixencias contra o ex-alcalde Issam Alnagm Azzam.

Por todo elo, tendo en conta a documentación relativa as actuacións na Aldea etnográfica e ditame da letrada Dª. Monserrat Calvo Rios, propón ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

1º. O exercicio das accións xudiciais e administrativas na defensa dos intereses xerais deste Concello, e a tal efecto persoarse no Procedemento Abreviado 000349/2015 que se segue no Xulgado de 1ª Instancia e Instrucción de Vilalba contra Issam Alnagm Azzam.

2º. Facultar tan amplamente como sexa necesario en dereito ao Sr.Alcalde D.Manuel Requeijo Arnejo para que designe avogado e procurador que defenda e represente respectivamente a este Concello en dito procedemento e nas distintas dilixencias que do mesmo se deriven.

Polo grupo Popular: o portavoz D. J. Danilo Requeijo Castro manifesta que non estaban na Corporación nesa época, hai unha denuncia da fiscalía e ata que se dite resolución absteranse.

Polo grupo Mixto: o portavoz do PSdG-PSOE D. Mario Rouco Rey considera que a Alcaldía deixouno claro, é unha situación de bastantes incompatibilidades, a fiscalía instou o procedemento e vendo os expedientes estase falando de 2 a 3 millóns de euros que podían estar aquí e evitar que veñan preguntando veciños como poden saír da casa, hai unha situación anómala e estase intentando salvar os cartos, non se presta axuda a empresas do concello, se podían haber feito moitas cousas más útiles e necesarias para os veciños, parece increíble que non se fixera un proxecto de viabilidade económica, e pregúntase que formación ten o ex-alcalde para redactar o proxecto.

O Sr. Alcalde referíndose ao portavoz do grupo popular, falaron que o máis importante eran os veciños e veciñas de Muras, cree que algo que o dignificaría sería votar a favor e si tanto se preocupa que fale coa Xunta de Galicia e que permita modificar os proxectos porque senón vaise a perder o diñeiro, dignificaría tamén ao PP.



# Concello de Muras (Lugo)

P-2703300-J

Praza da Galeguidade, 4  
27836, Muras (Lugo)  
Tfno: 982-500001/12  
Fax: 982-500063

O Sr. Requeijo Castro sinala que si ten que falar falará pero ata que se pronuncie a fiscalía non se pronuncia.

O Sr. Rouco Rey insiste no manifestado, opina que o problema de que Santiago diga non o tiñan que saber no goberno anterior, as bases non permiten o fraccionamento e pregúntase por que o fraccionan, ao final o ex-alcalde o facía todo, se pode perder moito diñeiro por facer as cousas mal, iso vai en contra do pobo.

O Sr. Alcalde di que alá cada quen coa súa conciencia, pero este equipo de goberno pretende defender os intereses de tódolos veciños non duns poucos como se viña facendo.

Despois de debatido o asunto o Pleno da Corporación en votación ordinaria con catro votos a favor dos membros do grupo BNG e o concelleiro do PSdG-PSOE do Mixto, e tres abstencións dos membros do grupo Popular, acorda aprobar a proposta da Alcaldía adoptando o seguinte acordo:

1º. O exercicio das accións xudiciais e administrativas na defensa dos intereses xerais deste Concello, e a tal efecto persoarse no Procedemento Abreviado 000349/2015 que se segue no Xulgado de 1ª Instancia e Instrucción de Vilalba contra Issam Alnagm Azzam.

2º. Facultar tan amplamente como sexa necesario en dereito ao Sr. Alcalde D. Manuel Requeijo Arnejo para que designe avogado e procurador que defenda e represente respectivamente a este Concello en dito procedemento e nas distintas dilixencias que do mesmo se deriven.

Non habendo mais asuntos que tratar a Presidencia levanta a sesión sendo ás vinte e unha horas e dez minutos, da cal levanto a presente acta e como Secretario dou fe.

Vº e Prace,

O Alcalde,

O Secretario,